

VII ASEMBLEA – INTERIOR GALEGO VIVO
Consolidar a revolta cívica das comunidades rurais
Vilardevós, 2026.

IGV: O RURAL TEN PARTIDO. CONSOLIDAR A REVOLTA CÍVICA DAS
5 COMUNIDADES RURAIS

A irrupción de **Interior Galego Vivo (IGV)** representou nas comarcas do interior galego e, nomeadamente, nas provincias de Lugo e Ourense, un feito político singular e diferencial. Unha proposta sociopolítica con potencial para transformar se consegue, por un lado, afondar na súa transversalidade, sen renunciar aos nosos valores e principios máis modulándoos ao sentir xeral; e,
10 por outro lado, ampliar a súa rede. A pesar da nosa modestia, somos a principal innovación política das primeiras décadas do século XXI e un proceso que parte da base cidadá, a pesar da precaria situación da sociedade civil do interior galego entre a cooptación partidaria e a falta de relevancia xertacional.

Na VI asemblea de Chantada definiamos **Interior Galego Vivo (IGV)** como unha rede cidadá para
15 construír futuro no interior galego e frear a demotanasia, é dicir, o despoboamento inducido por políticas que buscan facer, por acción ou omisión, do interior galego un territorio baleirado para o espolio de corporacións e fondos de investimento internacionais através do acaparamento de terras e a expulsión das comunidades rurais. Os procesos de espolio e os proxectos para esquilmar os nosos recursos teñen recuado e é probábel que un goberno reaccionario no Estado os leve ao paroxismo
20 coa complicidade do PP na Xunta, radicalizado pola necesidade de competir coa extrema dereita de Vox no seu bloco electoral. A galegogobia, os ataques á lingua e o retorno de preconceitos sobre o rural forman parte desde cenario de contrarrevolución reaccionaria e cañí.

Precisamente, porque a dirección política de **IGV** nunca se fixo ilusións cos conspicuos representantes dos intereses das multinacionais, nomeadamente o PP, aínda que non apenas, pois PP
25 e PSOE nos nosos territorios son instrumentos de diferentes fraccións das oligarquías dominantes para as que somos territorio de sacrificio e «refuxio climático» en maior ou menor medida. Neste contexto, a nosa razón de ser é a defensa do territorio e dos habitantes do interior galego desde a sociedade civil e o municipalismo, para rematar coa orfandade política subsecuente a décadas de hexemonía do PP e en menor medida PSOE. **Acompañar as loitas, cando non sermos motores de**

30 **arranque das mesmas.** É, por iso, que fomos faísca dun proceso de confluencia de candidaturas para afortalar o noso proxecto nas municipais de 2027: **Agora Galicia.**

Agora Galicia requeriu esforzo pola nosa parte e artellar alianzas con outros espazos municipais afíns, que permitan tecer unha rede de experiencias con vocación de continuidade para alén do 2027. Lonxe fica xa o nacemento de **IGV**, aínda como manifesto, en Belesar no 2019 dado o tempo
35 histórico acelerado en que vivemos e a evolución da situación política na II Restauración borbónica, finalizando o xiro conservador que se impulsa por volta do reinado de Filipe VI. Asistimos entón, desde a base e coas raíces na Terra, a un proceso de cociña lenta onde nos fomos dotando de maior corpo, cohesión e capacidade organizativa até consolidármonos como espazo aglutinador no interior galego de entidades sociais e políticas preocupadas polo futuro, que desexamos sexa fraternal,
40 digno e xusto.

Desta arte, continuamos avogando por sermos **voceiros das preocupacións reais da cidadanía**, organizándoa e dando maior corpo a unha sociedade civil, que no interior galego se resente polo devalo demográfico e o individualismo rampante. Por iso, a nosa proposta política foxe do
45 confronto estéril dos partidos sistémicos, que practican a demagogia ocultando os problemas crónicos e imposibilitando solucións. A nosa proposta ten vontade de incorporar o consenso para conseguir leis de alcance e políticas contra o despoboamento e a desorde territorial para integrar a visión de todos os territorios nas diferentes perspectivas políticas democráticas. Tamén consideramos **esencial os valores comunitarios e o reforzo da comunidade para facer POLÍTICA**, é dicir, resolver os problemas da sociedade e mesmo inserir propostas e debates que a
50 fagan avanzar en dereitos.

Na orde de atinxir os nosos obxectivos, que son moi ambiciosos dada a conxuntura e relación de forzas actual, debemos, antes de máis, priorizar a construción dunha ferramenta organizativa flexíbel, mais eficaz; que nos permita **acumular forzas** e ir socializando a necesidade de **frontes únicas e amplas** que permitan avanzar no lento camiño dos dereitos individuais e colectivos. Aí,
55 nestas coordenadas, é onde se incardina o nacemento e impulso de **Agora Galicia**, ao que contribuímos como axente decisivo e ao que, malia non desdebuxarnos nen abandonar a nosa propia actividade e autonomía, debemos dedicar grande parte das nosas enerxías para actuar na instancia política a prol da nosa xente e da nosa Terra porque, diciamos no seu encontro constituínte, ninguén é unha illa, tampouco os nosos proxectos municipais.

60 **Dos nosos principios**

IGV continúa, pois, nas mesmas coordinadas ideolóxicas, cuxos eixos vertebradores se teñen recollido nas nosas propostas programáticas debulladas ao longo da última década, nomeadamente nas asembleas de Courel, Antas e Chantada; e que foron actualizados tamén na secuencia do impulso da plataforma **Agora Galicia**:

65 **DEFENSA DA TERRA e GALEGUISMO**: galeguismo emancipador, soberanía alimentar, soberanía enerxética, vertebración e equilibrio territorial, ecoloxismo, patrimonio material e inmaterial... Aposta por un novo marco estatutario e polo afondamento das relacións coa Lusofonía e potenciar a Eurorexión.

70 **APOIO MUTUO E DEMOCRACIA RADICAL**: irmandade, igualdade, feminismo, participación e transparencia, mais tamén responsabilidade e xestión das discrepancias internamente nos órganos colexiados.

DIREITOS INDIVIDUAIS E COLECTIVOS: cidadanía, dereitos colectivos dos pobos e dos territorios a fin de garantir a xustiza social e territorial.

75 **GALIZA CÉLULA DE UNIVERSALIDADE**. Internacionalismo e fraternidade, ninguén é unha illa e cómpre unha Europa social dos pobos, onde se escoiten as voces do mundo do traballo e do campo.

ECONOMÍA ECONOMÍA SOCIAL. O mercado ao servizo dos pobos e non a sociedade ao servizo dun mercado trucado que favorece as oligarquías globais que está levando o planeta á guerra e ao desastre climático

80 O anterior debe acompañarse dunha revisión e posta a punto do noso programa, lanzando o **PROGRAMA DE CHANDREXA DE QUEIXA**, que é, por súa vez ,a revisión do PROGRAMA DE CHANTADA (doc. anexo).

O superfluo e o urxente.

As crises ensarilladas do capitalismo e dos nosos tempos tradúcense en emerxencias concatenadas.

85 Contodo, como sempre defendemos, cómpre diferenciarmos entre o que é realmente urxente e o que apenas responde aos ritmos mediáticos e á política do espectáculo. O perentorio é procurar e implementar **alternativas nos nosos territorios coa vista posta na transformación e no longo prazo**. Medidas valentes e **institucións ao servizo da maioría social e non das oligarquías e dos fondos de investimento**. Hoxe, coma onte, **a Terra para quen a traballa**.

90 Apenas desta forma entende **IGV** que é posíbel coser a fractura absoluta entre representantes e representados, que se ten traducido nunha crise política e institucional que erosiona os fundamentos democráticos e dá asas, paradoxalmente, á extrema dereita e á dereita extrema cuxo programa aporofóbico e ultraliberal tamén suporía graves ameazas para os nosos territorios e acelerar o abandono do medio rural. **O programa do PP e de Vox para o campo é claro: baleiraloo para**
95 **entregarllo a prezo de saldo a fondos de investimento e multinacionais, alimentando de paso a corrupción e o clientelismo, que os mantén no poder como redes paramafiosas de poder e troca de favores**.

Porén, **fronte á NECROPOLÍTICA, é a nosa responsabilidade histórica deseñar unha POLÍTICA PARA O MAÑÁ** que erga diques e alternativas fronte as devastadoras desigualdades sociais,
100 territoriais e de xénero. Tamén para opornos ao crecente racismo e á explotación dos migrantes que chegan aos nosos concellos e a quen temos o deber de dar voz e representar desde unha posición humanista e internacionalista. Na Galiza e nas súas parroquias, como dicía Castelao, «hai sitios para todos» se non pomos chatas á obra antes de comezar e «toda a Terra é dos homes» e das mulleres, como lembraba Rosalía no poema “¡Pra a Habana!” para termos con Curros un maio «sen usuras
105 nen preitos, sen quintas, nen portas, nen foros, nen cregos...».

O reto non é doado e a crise ambiental, social, económica, territorial e de representación exige de nós sermos «bos e xenerosos» á par que audaces, impulsando o diálogo con outras propostas e fronte amplas deseñadas desde abaixo para artellar unidades de acción. Neste sentido, non é apenas urxente actuar na Galiza e no Estado, mais tamén na superestrutura europea que detén crecentes
110 parcelas da soberanía, a comezar pola monetaria, mais non responde a un mandato e deseño verdadeiramente democráticos. Ao contrario, e como acontece co secuestro ultraliberal do Estado español polas elites herdeiras do franquismo e o grande capital especulativo internacional, Eurolandia conta hoxe cunha arquitectura ordoliberal, ao servizo das grandes finanzas centroeuropeas, que compromete o despregue de calquera alternativa que non pase pola

115 desvalorización interna e o aumento do foxo da desigualdade que, agora, se acompaña dunha
división e especialización económica que nos converte en produtores de alimentos e turismo aos
estados mediterráneos. Unha arquitectura perversa que só incentiva o **darwinismo social**
militarizado, alimentando a clase traballadora cos nosos corpos e coa nosa máis valía as guerras e o
chovinismo do capital. Por iso, a resposta internacionalista, o «Galiza célula de universalidade», é
120 máis ca nunca unha perentoria necesidade.

Desta arte, nas comarcas do interior galego, ten especial relevancia o debate sobre a nova PAC, que
vai ver o seu orzamento moi minguado (máis dun 30% se consideramos a inflación) e que ten un
perigo de estatización importante co que incrementaría asimetrías intraeuropeas, que xa era
desfavorábeis para a Galiza. Amais, primar a terra e as hectáreas sobre a dedicación real á
125 agricultura favorece o latifundio e o azambaramento de terras, algo especialmente preocupante pola
eucaliptización e os proxectos depredadores do noso territorio, como a minaría industrial e os
parques industriais enerxéticos (solares, eólicos, baterías...).

De feito, a Galiza conta cunha SAU moi reducida e equivalente á de Canarias, cuxa orografía é
volcánica, e non se sitúa en termos equiparábeis á Franza, con quen partilla clima oceánico e
130 potencial produtivo, mais con Laponia cuxo clima é extremo. Sentado o anterior, apenas podemos
concluir que a Xunta da Galiza e o PP teñen negligenciado en termos históricos a ordenación do
territorio para favorecer a libre circulación de capitais por riba das sociedades labregas e dos
direitos colectivos, incluídos os das xeracións futuras, co gallo de favorecer procesos de extracción
de máis valor e desposesión das comunidades locais. Neste cenario ten sido capital a colaboración
135 dos caciques locais, é dicir, **sen o caciquismo e as súas redes clientelares non se pode**
comprender a hexemonía do PP e a súa impunidade para acumular mediante desposesión
social e territorial. En consecuencia, **nada é máis urxente e prioritario que erosionar a**
presenza institucional do PP na Galiza e pór fin a un réxime de partido-único institucional,
que atafega e corroe a sociedade mesma, compromete os seus sinais de identidade e espolia a Terra
140 e o legado das futuras xeracións. No entanto, o que aconteceu nas últimas lexislaturas na Deputación
de Ourense dános a medida de que poucas forzas políticas asumen e comprenden isto.

En definitiva, é tempo de tecer **alianzas**, tempo de consolidar os nosos proxectos e ampliar a nosa
rede para garantir que as **frontes amplas** responde realmente as **necesidades populares** e non dos
aparatos partidarios que tenden a autorreproducirse. Tempo de **máis interior galego**. Porque é tarde

145 demais para sermos pesimistas e apenas podemos construír desde o optimismo da vontade: **Por un Interior Galego Vivo: Agora Galicia!**

Vilardevós, 2026.

Terra a nosa!